

Texto: **TIM BOWLEY**

Ilustracións: **ANDRÉ NEVES**


Tradución: **ISABEL PITA** e **SILVIA PÉREZ**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

36 páxinas a toda cor. Dispoñible en:

- Galego: "Amelia quere un can"
Demademora. ISBN 978-84-8464-649-5
- Castelán: "Amelia quiere un perro"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-29-1
- Catalán: "L'Amèlia vol un gos"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-935912-8-1
- Euskera: "Ameliak txakur bat nahi du"
Kalandraka-Pamiela. ISBN 978-84-7681-565-6
- Portugués: "Amélia quer um cão"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-99-6
- Italiano: "Amelia vuole un cane"
Libri per sognare. ISBN 978-88-95933-15-3
- Inglés: "Amelia wants a dog"
Books for Dreaming. ISBN 978-84-8464-680-0

Prezo: 13 €



AMELIA QUERE UN CAN

Amelia entrou no salón. O seu pai estaba sentado na súa cadeira favorita lendo o xornal. "Papá", dixo ela. "Estaba pensando..."

O seu pai suspirou. «Cando Amelia pensa, seguro que hai problemas».

Amelia continuou: "Papá, non poderíamos ter un can?"

Ás veces é preciso dar un rodeo para conseguir unha meta; non sempre o camiño máis curto entre dous puntos é a liña recta. É a estratexia de Amelia cando se lle antolla adoptar un can... Dende unha aguia a unha balea, pasando por un cabalo ou un elefante, os intentos de Amelia por convencer o seu pai son cada vez máis disparatados.

Ademais dunha divertida historia sobre o pillabáns que poden ser os cativos e a pouca atención que os adultos lles prestan ante asuntos aparentemente banais, o relato destaca pola súa marcada estrutura. Tim Bowley recorre aos esquemas propios da literatura oral -estructura acumulativa e elementos repetitivos- para captar a atención dos lectores.

Unha obra de moito colorido cunha proposta estética a base de técnica mixta e collage, para achegar os nenos a conceptos como a responsabilidade, aplicada ás obrigas que supón coidar dunha mascota, que animais son susceptibles de seren domésticos e cales polo seu carácter salvaxe deben vivir en liberdade.

TIM BOWLEY (Londres, 1945)

Contacontos e especialista en historias de tradición popular de todo o mundo. Actuou en numerosos países durante os últimos 20 anos. Colaborou nunha antoloxía de narrativa editada en Reino Unido en 1990. Actuou no Foro das Culturas de Barcelona co espectáculo "Hilando cuentos", coa contadora galega Casilda Regueiro e o camerunés Boniface Ofogo. En 2001 editou a súa propia colección de contos

tradicionais, "Semillas al viento: Cuentos del mundo", un libro inglés-español traducido por Casilda Regueiro, coa que formou tándem artístico durante sete anos. É autor do álbum "Xaime e as landras", publicado por KALANDRAKA.

ANDRÉ NEVES (Recife, Brasil, 1973)

Graduado en Comunicación Social e Relacións Públicas na Universidade de Pernambuco. En 1995 comezou a estudar Arte e dende entón participa en exposicións de debuxo e pintura. Formouse na escola de verán de Sarmede (Italia). Premiado pola Fundación Nacional de Libros Infantís e Xuvenís e pola Asociación de Escritores Brasileiros. En 2002 participou na XX Mostra Internacional de Ilustración Infantil Stepan Zavrel. Traballa como escritor, ilustrador e deseñador gráfico en Porto Alegre (Brasil). Ilustrou para KALANDRAKA o álbum "Oreillas de bolboreta".

- **Temática:** a estratexia dos nenos para conseguir o que queren
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** do autor de "Xaime e as landras" e do ilustrador de "Oreillas de bolboreta"
- **Aplicacións:** transmitir aos nenos a responsabilidade que conleva ter unha mascota

